


Aula virtual de apoio Kits singulares

Os materiais destes Kits singulares están alonxados nunha **aula virtual de apoio** localizada no **Moodle de Cultura-Formación**. Neste espazo virtual localizaranse todas as aulas cos materiais do proxecto Polos Creativos: kits singulares, microse- cuencias, videotitorias, etc.



A url da mesma é: <https://formacion-cultura.xunta.gal/course/view.php?id=19>

O **código qr**, localizado na parte posterior das follas das propostas didácticas, permite a súa localización sinxela.



Unha vez localizada a dirección web, accédese a ela empregando un **acceso de convidados** (premendo na zona dereita). Non é preciso usar nin usuario nin contrasinal xa que a aula ten os contidos en aberto.

<input type="text" value="Nome da persoa usuaria ou correo"/>	Esqueceu o seu nome de persoa usuaria ou o contrasinal?
<input type="text" value="Contrasinal"/>	Debe ter as cookies activadas no seu navegador ?
<input type="button" value="Acceder"/>	Algúns cursos permiten o acceso a convidados
	<input type="button" value="Acceder como convidado"/>

Dentro da aula, o docente atopará unha primeira parte de información xeral e a información secundaria dos 4 kit singulares dispoñibles neste momento organizada en **lapelas independentes** visibles na parte superior.

Inicio	1.Kit singular Construción	2.Kit singular Design Thinking	3.Kit singular Rob Ives
4.Kit singular Dinosaurios			

Inicio



XUNTA DE GALICIA

POLOS
CREATIVOS

Polos creativos

Aula Virtual de apoio aos Kits Singulares

En cada unha delas están dispostos os materiais para a súa descarga. Premendo neles, aparecerá o **documento dixital en formato pdf incrustado** na aula. Arriba, a dereita atopará unha **frecha branca de descarga**. Estes materiais son de tres tipos: propostas didácticas, indicacións (se é o caso) e modelos de traballo. En etapas posteriores incorporanse outros materiais en formato audiovisual.



No kit singular de **Rob Ives**, os materiais complementarios aparecen en forma de **paquete comprimido**. Os contidos creados polo autor son de emprego exclusivo no proxecto Polos Creativos, polo que non están a dispor de todo o público estando protexidos por unha **contrasinal alfanumérica**.

Para a súa apertura compre empregar a contrasinal alfanumérica localizada na parte posterior da proposta didáctica, xusto debaixo do código qr e dentro dun rectángulo branco. Recomendamos empregar un descompresor como 7zip que permite unha descompresión segura con código.

As propostas didácticas subidas na aula non conteñen esta información, aparecendo un **código xenérico XXXXXX** polo que se algún docente perde ditos códigos poderán ser solicitados aos Centros de Formación.

Os 5 códigos son:

1	galiña	KEWTU3
2	ganso	LTNXP7
3	morcego	CNA1CM
4	merlo	X1J9NU
5	ostreiro	DP8CSN

